



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA NOVE DE XULLO DE 2020
EXPEDIENTE: 2020/G010/0000006

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela
Alberto Seoane Brandariz
Gustavo Manuel Quindimil Gómez
Francisca Bestilleiro Roel
Marcos Zapata Díaz
José María Caamaño Nogueira
Luís Constante Freire Pérez de Juan

Roberto Gómez Lesta
María Ángeles Vilas Pedreira
Fátima Insua López (entra no punto 3)
Francisco Javier Rodríguez Souto

Escusan a súa ausencia:

Silvia Taboada Carro

Secretario:

Adrián J. Márquez Caramés

Interventora:

Gema Vázquez López

En Abegondo, ás trece horas e trinta minutos do día nove de xullo de 2020, previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario Adrián J. Márquez Caramés, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión ordinaria.

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO PERÍODO 2020/2021
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO XERAL 2020 E APROBACIÓN DEFINITIVA

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DACIÓN DE CONTA DO ACORDO POLO QUE SE AUTORIZA A COLABORACIÓN TÉCNICO-FINANCEIRA DA XUNTA DE GALICIA CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA SANEAMENTO EN ORTO E CRENDES FASE II SEPARATA 1 ZONA NORTE ABEGONDO POR IMPORTE DE 911.560,75 €
5. DACIÓN DE CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA ACTUACIÓNS DE MELLORAS TURÍSTICAS: POSTA EN VALOR DO CASTRO DE CERNEDA COMO RECURSO PATRIMONIAL E TURÍSTICO
6. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DE FONDO DE

COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA A COMPRA DE VEHÍCULO ELÉCTRICO CERO EMISIÓNS VINCULADO A TAREFAS AMBIENTAIS

7. DACIÓN DE CONTA DA EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA TRAMITACIÓN AMBIENTAL DO PXOM
8. DACIÓN DE CONTA DO RECOÑECIMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DA RUTA DOS AMILLADOIROS E POSTA EN VALOR
9. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA (SIXB) NA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ABEGONDO
10. DECRETOS DA ALCALDÍA
11. ROGOS E PREGUNTAS

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente debería consultar aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 20.05.2020 e 15.06.2020 que estaban pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria, a Corporación Municipal por unanimidade dos seus membros presentes aproban a acta.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO PERÍODO 2020/2021

Polo Sr. Alcalde dáse conta dunha proposición que di:

EXPEDIENTE : 2020/G006/000108

ANTECEDENTES

- 1.- Expediente 2020/G003/000108 de Liquidación orzamento municipal 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía 109/2020, de 23 de marzo de 2020,.
- 2.- Informe Intervención sobre avaliación do cumprimento dos obxectivos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF) na liquidación do exercicio 2019 de data 23 de marzo de 2020
- 3.- Plan Económico Financeiro 2020-2021, de data 12 de xuño de 2020 (en adiante PEF)
- 4.- Informe de intervención do PEF de data 30 de xuño.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, por el que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local, de 18 de Abril.
- Real Decreto Lei 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de 5 de Marzo.
- Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, polo que se desenrola o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (en adiante LOEO)
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigacións de subministro de información previstas na LOEPSF, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- O artigo 11 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF), instrumenta o principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 12 da LOEPSF adicado á regra fiscal “regra de gasto”, sinala que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Para facilitar as tarefas de avaliación das dúas regras fiscais -estabilidade orzamentaria e regra do gasto- a IGAE publicou o “Manual de Cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” e a “Guía para a determinación da regra de gasto”. Ambas as dúas guías conteñen criterios para a determinación do cumprimento da estabilidade e da regra do gasto nos orzamentos municipais

SEGUNDA.- Con motivo da Liquidación do orzamento de 2019, a Intervención emitiu informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEPSF, no que se pon de manifesto que se incumpre o obxectivo de estabilidade e a regra de gasto, polo que o Concello de Abegondo debe adoptar a medida correctora que proceda, de entre as recollidas na Sección 2 do Capítulo IV da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

TERCEIRO.- A Alcaldía formulou un Plan Económico Financeiro para o período 2020-2021, que se axusta no seu contido ao sinalado no apartado 2 do artigo 21 da LOEPSF. No PEF que se somete a aprobación non se contempla a adopción de medidas concretas, cumprindo co criterio da Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, tal e como se pon de manifesto no punto 5 do plan.

CUARTO.- Queda acreditado que a causa do incumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e regra do gasto na liquidación do exercicio 2019 é o emprego do RLTXerais, tanto no expediente de incorporación de remanentes no que se entendería xustificado o seu emprego por tratarse de gastos xa comprometidos sobre os que o Concello ten responsabilidade, como no expediente de suplemento de crédito por tratarse de gastos urxentes e inaprazables segundo memoria da Alcaldía. Ambas as dúas figuras modificativas están previstas na Lei reguladora das Facendas Locais.

Co fin de poder cumprir co previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira (LOEPSF) , e de resolver a situación de incumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e regra do gasto, preséntase o Plan Económico Financeiro 2020-2021 ao Pleno da Corporación para o seu análise e estudio, a fin de que proceda á súa aprobación, adoptando o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro 2020-2021 do Concello de Abegondo.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no BOP da Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 15 días hábiles e no taboleiro de anuncios, contados a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente para os efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

TERCEIRO.- Aprobado definitivamente, publicar integramente o PEF no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios, para o seu xeral coñecemento, e dar traslado deste ao órgano de tutela da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Facenda, a través da aplicación de captura habilitada para o efecto na Oficina virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)

Abstencións: 3 (Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por nove votos a favor e dúas abstencións.

Transcríbese a continuación o contido íntegro do documento aprobado.

“PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CONCELLO DE ABEGONDO PERÍODO 2020/2021

1.- INTRODUCCIÓN

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF) regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 da mesma norma, ven a instrumentar o principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

O artigo 12 da LOEPSF adicado á regra fiscal “regra de gasto”, sinala que a variación do gasto computable das administracións non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española. Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Do mesmo xeito hai que ter presente a obrigatoriedade de cumprir co principio de sostenibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial, de conformidade co establecido na normativa de morosidade das operacións comerciais e na normativa europea.

En cumprimento do disposto no artigo 191.3 do TRLRFL e no artigo 90 do RD 500/1990 que desenvolve a anterior norma en materia de orzamentos, aprobouse a liquidación do Orzamento de Abegondo correspondente ao exercicio 2019 mediante Decreto de Alcaldía nº 109/2020 de data 23 de marzo, acompañada dos preceptivos informes da Intervención, poñéndose de manifesto o seguinte:

- O concello de Abegondo cumpre co límite da débeda.
- O concello de Abegondo incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, presentando un déficit por importe de 591.693,36 €.
- O concello de Abegondo incumpre o límite da regra de gasto nun importe de 693.081,95 €, unha vez realizados os axustes sinalados pola intervención municipal, resultando un gasto computable para o exercicio 2019 de 3.189.082,05 €.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

En consecuencia, e ante tales incumprimentos na execución do orzamento do exercicio 2019, en aplicación do disposto na LOEPSF, procede a elaboración dun plan económico-financeiro que lle permita ao Concello retornar a unha situación de cumprimento destes parámetros como máximo a 31 de decembro de 2021, é dicir, no momento de efectuar a liquidación do orzamento do ano 2021, xa que de conformidade co establecido no artigo 21 da LOEPSF o PEF deberá conter medidas para o ano en curso (2020) e para o seguinte (2021).

2.- OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden obter co presente Plan Económico Financeiro son que o Concello de Abegondo cumpra con todas as magnitudes económico financeiras que permitan valorar positivamente a situación económica da Corporación, e que se enumeran a continuación:

- Aforro Neto Positivo
- Remanente de Tesourería Positivo
- Resultado Orzamentario Positivo
- Nivel de Endebemento por debaixo dos límites marcados legalmente para cada exercicio
- Estabilidade Orzamentaria en situación de Superávit ou de Capacidade de Financiamento
- Cumprimento da Regra de Gasto

Para lograr estes obxectivos é necesaria a elaboración do presente Plan, que se estruturará nas seguintes fases, seguindo o esquema establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas:

1ª Fase: Causas, diagnóstico e previsión temporal

Consiste en realizar unha análise das magnitudes descritas e outras que se consideren pertinentes para detectar cal é o motivo do incumprimento das regras fiscais de conformidade co previsto na LOEPSF.

2º Fase: Medidas: descrición, cuantificación e calendario

Determinación das estratexias de actuación e as medidas a adoptar. Propóñense as principais medidas que se pretenden levar a cabo para corrixir a situación cuantificando o efecto que as citadas medidas terán sobre a economía da entidade. Sinálanse os obxectivos a lograr coa aplicación do Plan en relación coa capacidade/necesidade de financiamento, límite de gasto e nivel de débeda.

3ª Fase: Conclusión e obxectivo

Aplicación práctica das medidas propostas e desenvolvidas na fase anterior conforme ao calendario de actuación que se aprobe.

4ª Fase: Control e seguimento do Plan

O control será realizado polo órgano de tutela financeira a través dos informes de intervención trimestrais, semestrais ou anuais (de aprobación do Orzamento, liquidación do Orzamento, obrigas trimestrais, etc) nos que se poña de manifesto se están a cumprirse os obxectivos marcados no PEF.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

3.- CONTIDO E TRAMITACIÓN

Segundo o establecido no artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- As causas do incumprimento do obxectivo establecido, ou no seu caso, do incumprimento da regra de gasto
- As previsións tendenciais de ingresos ou gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- A descrición, cuantificación e calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15.
- Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos

Terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, o cal sinala como medida adicionais ás anteriores:

- supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación
- xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custos
- Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local
- Racionalización administrativa
- Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentario ou co obxectivo de débeda pública, ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

En canto á **tramitación** terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- Presentación do Plan Económico-Financeiro ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.
- Aprobación polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación
- A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a súa presentación
- Remisión do Plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local para o seu coñecemento.
- Publicación do Plan do mesmo xeito que se establece na lei para os orzamentos da entidade.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Unha vez aprobado, deberase remitir ó Ministerio de Facenda, a través da aplicación de captura habilitada ó efecto na Oficina virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais O Ministerio dará publicidade ó PEF e á adopción das medidas aprobadas cun seguimento do impacto que supoñan as mesmas.

No relativo aos prazos haberá que ter en conta para a súa aplicación a suspensión de prazos administrativos regulados na D. Adicional terceira do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e a súa modificación polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.

• 4.- DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL

• A liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019 no que se refire á avaliación das regras fiscais contempladas na LOEPSF, pon de manifesto o seguinte:

- NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (DÉFICIT ORZAMENTARIO): -591.693,36 €
- REGRA DE GASTO: incumprimento da regra do gasto de 693.081,95 €.
- SOSTIBILIDADE FINANCEIRA: 20,17 %
- PMP: 0,10 días (dato 4T/2019)

4.1.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Cap 1 a 7 ingresos	4.543.670,22
Cap 1 a 7 gastos	5.062.380,38
Necesidade de financiamento	-518.710,16
Axustes SEC10	-72.983,20
Cap 1-3 ingresos	-9.345,23
Reintegro PIE 2017	20.871,75
Ingresos UE	23.449,51
Leasing	3.334,65
Conta 413	-111.293,88
Necesidade de financiamento axustada	-591.693,36

O concello de Abegondo NON cumpre con obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2019

4.2.- REGRA DE GASTO

Empregos non financeiros liquidac 2019	5.062.380,38
--	--------------



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Intereses da débeda	- 1.189,01
Gasto financiado con fondos finalistas	-1.980.068,55
Axustes SEC (4)	107.959,23
Leasing	-3.334,65
Conta 413	111.293,88
GASTO COMPUTABLE 2019	3.189.082,05
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO	2.496.000,10
DIFERENCIA	-693.081,95

O concello de Abegondo NON cumpre con obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2019

4.3.- SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

O principio de sostibilidade financeira, é definido no artigo 4 da LOEPSF como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEPSF realiza do principio de sostibilidade financeira materialízase na obriga para as entidades locais de non superar un límite para a débeda pública fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2019. Estes obxectivos xenéricos deberán ser concretados nunha porcentaxe sobre os ingresos correntes liquidados.

Ante a imposibilidade de determinar este límite de débeda en termos do produto interior bruto, e de acordo coas indicacións da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, na práctica son de aplicación os límites legais establecidos no art 53 do TRLRFL.

Dos datos de liquidación do exercicio 2019, a porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes é a que se indica no cadro seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
Ingresos correntes liquidados 2019	4.277.508,28
Débeda viva 31/12/2019	451.559,82
Coefficiente endebedamento	10,56%
Débeda viva PDE 31/12/2019 (non inclúe débeda AA.PP)	0
Coefficiente endebedamento	0%

O nivel de débeda así calculado é inferior ao 110% dos ingresos correntes liquidados previstos no artigo 53 do TRLRFL.

O endebedamento do concello de Abegondo non deriva de operacións de crédito con entidades financeiras, senón de dúas operacións de préstamo con outra Administración Pública (Deputación Provincial de A Coruña) coas seguintes características:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Obxecto: execución das obras solicitadas ao abeiro do PAI 2015 e PAI 2016 da Deputación Provincial de A Coruña.
- Importe: 227.868,82 (PAI15) + 223.691 (PAI15) = 451.559,82 euros
- Sen intereses
- 6 anos carencia
- Prazo de amortización: 10 anos (primeira anualidade en 2021)

Sen embargo a efectos da determinación do cumprimento do principio de sostibilidade financeira unicamente se terá en conta a débeda calculada conforme ao Protocolo do Déficit Excesivo (non se inclúe a débeda con outras AA.PP). Polo tanto, á vista de que NON consta débeda coas entidades financeiras, o concello de Abegondo cumpre co principio de sostibilidade financeira na liquidación do exercicio 2019.

4.4.- SOSTIBILIDADE DA DÉBEDA COMERCIAL

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, enténdese por sostibilidade da débeda comercial cando o período medio de pagamento aos provedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

Ratio operacións pagadas: 0,10 días

Importe pagos realizados: 908.605,53 euros

PMP: 0,10 días

O período medio de pago a provedores correspondente ao 4T/2019, obtido do programa contable municipal, conforme ao RD 635/2014 é de 0,10 días, inferior ao establecido na normativa sobre morosidade, polo que se cumpre o principio de sostibilidade da débeda comercial.

4.5.- CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN

O Concello de Abegondo cumpre os obxectivos da LOEPSF de sostibilidade financeira e da débeda comercial, e incumpe a estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

4.6.- INFORMACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

Antes de analizar as causas do incumprimento da estabilidade financeira e da regra do gasto é necesario informar sobre os datos económico-financeiros máis relevantes.

INGRESOS	2017		2018		2019	
	PDef	DRN	PDef	DRN	PDef	DRN
Correntes	4.535.071,64	3.988.072,58	4.513.650,36	4.653.167,49	4.845.273,23	4.277.508,28
Capital	1.272.813,32	407.728,86	1.251.022,40	129.838,33	1.808.685,01	266.161,94



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Non financeiros	5.807.884,96	4.395.801,44	5.764.672,76	4.783.005,82	6.653.958,24	4.543.670,22
Financeiros	396.414,74	225.779,91	570.182,70	0	1.200.954,57	0
Total	6.204.299,69	4.621.581,35	6.334.855,46	4.783.005,82	7.854.912,81	4.543.670,22

GASTOS	2017		2018		2019	
	Cdto Def	ORN	Cdto Def	ORN	Cdto Def	ORN
Correntes	4.211.699,79	3.204.787,07	4.358.862,57	3.448.338,84	4.620.392,70	3.777.722,36
Capital	1.992.599,91	813.958,56	1.975.992,89	446.457,04	3.234.520,11	1.284.658,02
Non financeiros	6.204.299,70	4.018.745,63	6.334.855,46	3.894.796,88	7.854.912,81	5.062.380,38
Financeiros	0	0	0	0	0	0
Total	6.204.299,70	4.018.745,63	6.334.855,46	3.894.796,88	7.854.912,81	5.062.380,38

REMANENTE DE TESOURERÍA	2017	2018	2019
Fondos líquidos	649.913,43	1.657.795,89	1.125.226,27
Dereitos pendentes de cobro	362.563,15	230.919,33	244.986,12
Obrigas pendentes de pago	-123.518,46	-130.018,61	-132.900,03
Cobros pendentes de aplicación	-44.040,92	-30.015,75	-24.123,78
Pagos pendentes de aplicación	46.619,10	49.719,98	46.592,10
RLT	891.536,30	1.778.400,84	1.259.690,68
Saldo dubidoso cobro	-632,20	0	-74,83
Exceso financiación afectada	-261.057,79	-157.648,23	-91.097,90
RLTGXerais	629.846,31	1.620.752,61	1.168.517,95



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Obrigas pendentes aplicar 31/12	0	0	-111.293,88
Obrigas DI pendentes aplicar 31/12	0	0	0
RLTGXerais axustado	629.846,31	1.620.752,61	1.057.224,07

5.- CAUSAS DO INCUMPRIMENTO E PREVISION TENDENCIAL.

Da análise dos datos que figuran nos cadros anteriores, dedúcese que o incumprimento das regras fiscais de estabilidade e regra do gasto na liquidación do exercicio 2019.

5.1.- Estabilidade orzamentaria: as corporacións locais cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria se presentan equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiación, dacordo ca definición contida no SEC. Así, a medición da capacidade ou necesidade de financiación dunha entidade local calcularase dacordo co seguinte esquema:

(+) ingresos non financeiros: suma dos ingresos previstos nos capítulos 1 a 7 do orzamento

(-) gastos non financeiros: suma dos gastos previstos nos capítulos 1 a 7 do orzamento

(+/-) axustes SEC 95

Obsérvase que no exercicio 2019 as obrigas non financeiras (5.062.380,38) foron moi superiores aos ingresos da mesma natureza (4.543.670,22), rompendo así a tendencia dos exercicios anteriores (2017/2018). Parte destas obrigas foron financiadas con RLT, que se configura contablemente no capítulo 8 de ingresos como un activo non financeiro, o que supón a quebra do principio de estabilidade orzamentaria.

O remanente de tesourería, aínda que contablemente se trate como un activo financeiro, pola súa natureza identificaríase como o aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desaxuste entre a execución duns ingresos orzamentarios e as obrigas recoñecidas ás que estes están afectados, e polo tanto, ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas que se incorporen en exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. Estaríamos a falar das incorporacións de remanentes.

Pero ademáis este recurso do RLT pode ser empregado para financiar outras modificacións de crédito, como suplementos de crédito e créditos extraordinarios.

O concello de Abegondo presentaba no exercicio 2018 un RLT por importe de 1.778.400,84 €, dos que 157.648,23 € correspondían ao RLTGFAfectada e 1.620.752,61 € a RLTGXerais.

Este RLT foi empregado no exercicio 2019 para o financiamento de tres expedientes de modificación de créditos:

- MC1/2019 e MC2/2019 de incorporación de remanentes, empregando como recurso, entre outros, o RLTGFAfectada (157.648,23 €) e o RLTGXerais (107.202,88 €)

- MC11/2019 de suplemento de crédito, empregando como recurso única e exclusivamente o RLTGXerais por importe de 628.745 €.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Da execución destes expedientes despréndese que o concello recoñeceu no exercicio 2019 obrigas con cargo ao RLT para o financiamento de gastos non financeiros (cap 1-7) por importe de 546.919,41 euros, e deste importe 437.059,58 € destináronse a financiar gastos do capítulo 6 de investimentos.

O exposto resúmese no seguinte cadro:

2019	Corriente (cap 1-5)	Capital (cap 6-7)	Financeiros (cap 8-RLT)	TOTAL
Gastos	3.777.722,36	1.284.658,02	-	5.062.380,38
Ingresos	4.277.508,28	266.161,94	546.919,41 *	5.090.589,63
Diferencia	499.785,92	-1.018.496,08	546.919,41 *	28.209,25

* os ingresos do cap 8 non computan a efectos de estabilidade orzamentaria

Observamos que o exceso de ingresos correntes sobre os gastos da mesma natureza (499.785,92) non son suficientes para cubrir o déficit dos ingresos de capital sobre os gastos en investimentos (-1.018.496,08). Este déficit compénsase coa utilización do RLT, pero tendo en conta que este recurso, como xa se expuxo ao longo deste informe, configúrase contablemente no capítulo 8 de ingresos como un activo non financeiro, supón a quebra do principio de estabilidade orzamentaria.

Queda suficientemente xustificado que a situación de inestabilidade orzamentaria derivada da liquidación do exercicio 2019 ten a súa orixe no emprego do RLT como recurso para a financiación dos expedientes de incorporación de remanentes e de suplemento de crédito, fundamentalmente no que afecta aos gastos do capítulo 6 de investimentos.

5.2.- Regra do gasto: a súa definición, establecida xa na normativa europea, sinala que o gasto computable (empregos non financeiros en termos do SEC95 -capítulos 1 a 7 de gastos-), excluídos os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da UE e doutras Administracións Públicas, non poderá incrementarse por encima da taxa de crecemento a medio prazo da economía española (2,7% para o ano 2019).

O incumprimento constatado da regra do gasto que se deriva da liquidación do exercicio 2019 ven motivada polos seguintes factores:

- En primeiro lugar debemos facer referencia ao gasto computable do exercicio 2018 que fixa o límite da regra do gasto para o exercicio 2019. Observamos que o importe das obrigas recoñecidas por operacións non financeiras no concello de Abegondo no exercicio 2018 (3.894.796,88 €) é inferior ás recoñecidas no exercicio 2017 (4.018.745,63 €), o que se traduce nun gasto computable de referencia no exercicio 2018 de 2.988.155,68 €, fronte a un gasto computable para o exercicio 2019 de 2.496.000,10 €. Isto unido a que no exercicio 2019 as obrigas recoñecidas por operacións non financeiras (5.062.380,38 €) incrementáronse significativamente respecto das do exercicio 2018, deriva do incumprimento da regra do gasto.

- En segundo lugar a utilización no exercicio 2019 do RLTGXerais como recurso para financiar expedientes de modificación de créditos tales como incorporación de remanentes e suplementos de crédito constátase que afecta negativamente ao cumprimento da regra do gasto.





CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Como xa se explicou no apartado anterior ao analizar o incumprimento da estabilidade orzamentaria, durante o exercicio 2019 o concello de Abegondo recoñeceu obrigas con cargo ao RLT para o financiamento de gastos non financeiros (cap 1-7) por importe de 546.919,41 euros. Este importe, na súa totalidade, aumenta o gasto non financeiro do exercicio 2019 e incide negativamente na regra do gasto. Sinalar que parte dos gastos de investimento financiados con RLT poderían ser considerados como financeiramente sostibles, de quedar acreditado este carácter no expediente, o que afectaría positivamente á regra do gasto.

De todo o exposto, queda acreditado que a causa do incumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria e regra do gasto na liquidación do exercicio 2019 é o emprego do RLTXerais, tanto no expediente de incorporación de remanentes no que se entendería xustificado o seu emprego por tratarse de gastos xa comprometidos sobre os que o concello ten responsabilidade, como no expediente de suplemento de crédito por tratarse de gastos urxentes e inaprazables según memoria da alcaldía. Ambas figuras modificativas están previstas na Lei reguladora das Facendas Locais.

En relación ao emprego do RLT como recurso financeiro de determinados gastos, debemos facer referencia á resposta da IGAE a unha consulta da asociación Cositalnetwork, na que a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local do Ministerio de Economía e Facenda considera que "(...) *El remanente de tesorería, aún cuando se configura contablemente como un activo financiero, por su naturaleza se identificaría como el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio a consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado de fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo.*

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse como una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto.

En canto ás medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que "*Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita.*

(...)

Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos de estabilidad presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado, se lograría para los dos ejercicios de vigencia del PEF, con la simple aprobación del presupuesto de los ejercicios afectados por el plan, en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna, dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida.

As consideracións sinaladas sobre o financiamento de gastos co RLT afectado, nas que se considera o RLT como un aforro, son igualmente aplicables ao RLTXerais. A única diferenza radica en que a utilización deste remanente é de carácter voluntario, mentres que a incorporación de remanentes para gastos con financiamento afectado é





CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

obligatorio conforme ao establecido no artigo 47 do RD 500/1990. Pero constitúe igualmente a expresión dunha capacidade financeira para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estrutural para esta Administración.

6.- PREVISIÓN TENDENCIAL

A proxección sen adopción de medidas nos exercicios 2020 e 2021 sería a seguinte cos datos obrantes nestas dependencias e as modificacións orzamentarias realizadas:

6.1.- EJERCICIO 2020

En primeiro lugar realizaremos unha estimación da liquidación do exercicio 2020:

ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN EJERCICIO 2020

Capítulos Gastos	CD	% EXEC	ORN	Capítulos de ingresos	PI	% EXEC	DNR
G1- Gastos de personal	1.573.638,98	83,36%	1.311.785,45	I1- Impuestos directos	1.220.937,90	125,31%	1.529.957,28
G2- Gastos bens correntes	2.432.824,19	84,80%	2.063.034,91	I2- Impuestos indirectos	60.000	106,46%	63.876
G3- Gastos financeiros	2.000	35,68%	713,60	I3- Taxas e outros ingresos	538.650	98,34%	529.708,41
G4- Transferencias correntes	442.933,70	41,16%	182.311,51	I4- Transferencias correntes	2.693.991,25	82,47%	2.221.734,58
G5- Continxencias				I5- Ingresos patrimoniais	500	49,45%	247,25
G6- Invetimentos reais	2.998.192,84	34,39%	1.031.078,,52	I6- Enaxenación investimentos			
G7- Transferencias de capital				I7- Transferencias de capital	2.120.088,28	18,95%	401.756,73
G8- Activos financeiros				I8- Activos financeiros	602.159,32		
G9- Pasivos financeiros				I9- Pasivos financeiros	213.159,96	50,14%	106.930,05
TOTAL	7.449.589,71		4.588.924,00		7.449.589,71		4.854.210,30

Os datos obtidos nesta estimación realízanse baixo as seguintes premisas:

- as consignacións e previsións iniciais de partida serán as do Orzamento Municipal para o exercicio 2020, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 28/05/2020.
- consideramos as modificacións de crédito xa tramitadas na data da elaboración deste documento.
- estímase un emprego do RLT de 250.000 € (a maiores do xa utilizado nos MC tramitados) .
- aplicamos unha porcentaxe de execución en gastos e ingresos que se obtén da media de execución dos tres exercicios anteriores. Esta porcentaxe non se aplica en termos globais, senon para cada capítulo de gastos e ingresos de forma independente en función da súa execución acumulada.
- os axustes SEC son unha estimación no exercicio 2020 dos realizados na liquidación do exercicio 2019.
- a taxa de referencia a medio prazo da economía española aos efectos do cálculo da regra do gasto será do 2,9% para o exercicio 2020, según acordo do Consello de Ministros de data 11 de febreiro de 2020.

Do exposto resulta unha estabilidade orzamentaria para o exercicio 2020:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Conceptos	Importes
1.- DR capítulos I a VII estimados liquidación 2020 (recursos)	4.747.280,26
2.- OR capítulos I a VII estimados liquidación 2020 (empregos)	4.588.924,00
3.- Axustes SEC95 estimados liquidación 2020	-157.449,15
4.- Capacidade de financiación estimada liquidación 2020 (1-2+3)	907,11

A continuación pasaremos a analizar a regra do gasto para o exercicio 2020

Conceptos	Importes
1.- OR capítulos I a VII estimados liquidación 2020 (empregos)	4.588.924,00
2.- Intereses débeda estimados liquidación 2020	713,60
3.- Axustes SEC95 estimados liquidación 2020	95.000
4.- Gasto non financeiro financiado por AA.PP 2020	-1.401.644,98
5.- Total gasto computable estimado 2020 (1-2+3+4)	3.281.565,42
6.- Gasto computable exercicio 2019	3.189.082,05
7.- Taxa variación gasto computable (6 x 2,9%)	92.483,37
8.- Límite regra do gasto	3.281.565,42
9.- Diferencia entre límite regra gasto e gasto computable estimado 2020 (8-5)	0

Da análise realizada dedúcese que o **concello de Abegondo cumpriría as dúas regras fiscais para o exercicio 2020: estabilidade orzamentaria e regra do gasto.**

6.2 Exercicio 2021

Ante a dificultade de realizar unha estimación da liquidación para o exercicio 2021, consideraremos os seguintes supostos de partida:

- as consignacións e previsións iniciais do Orzamento 2021 serán as mesmas que as do Orzamento Municipal para o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

exercicio 2020.

- os gastos de persoal incrementáanse nun 2%.
- consígnase no capítulo 7 de gastos (transferencias de capital) o importe da aportación municipal a Augas de Galicia para a execución dunha obra de saneamento, que se financia cunha operación de préstamo (capítulo 9 de ingresos).
- estímase un emprego do RLT de 500.000 € .
- aplicamos a mesma porcentaxe de execución en gastos e ingresos que a empregada para o cálculo das estimacións do exercicio 2020.
- os axustes SEC son unha estimación no exercicio 2021 dos estimados na liquidación do exercicio 2020.
- a taxa de referencia a medio prazo da economía española aos efectos do cálculo da regra do gasto será do 3% para o exercicio 2020, según acordo do Consello de Ministros de data 11 de febreiro de 2020.

ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2020

Capítulos Gastos	CD	% EXEC	ORN	Capítulos de ingresos	PI	% EXEC	DNR
G1- Gastos de personal	1.327.155,09	83,36%	1.106.316,48	I1- Impostos directos	1.220.937,90	125,31%	1.529.957,28
G2- Gastos bens correntes	2.406.747,12	84,80%	2.040.921,56	I2- Impostos indirectos	60.000	106,46%	63.876
G3- Gastos financeiros	2.000	35,68%	713,60	I3- Taxas e outros ingresos	564.672,65	98,34%	555.299,08
G4- Transferencias correntes	235.750	41,16%	97.034,70	I4- Transferencias correntes	2.261.528,41	82,47%	1.865.082,48
G5- Continxencias				I5- Ingresos patrimoniais	500	49,45%	247,25
G6- Investimentos reais	896.673,11	34,39%	308.365,88	I6- Enaxenación investimentos			
G7- Transferencias de capital	300.000	100%	300.000	I7- Transferencias de capital	510.686,36	18,95%	96.775,07
G8- Activos financeir				I8- Activos financeiros	250.000		
G9- Pasivos financeiros				I9- Pasivos financeiros	300.000	100%	300.000
TOTAL	5.168.325,22		3.853.352,22		5.168.325,22		4.411.237,16

Cos datos obtidos, resulta unha estabilidade orzamentaria para o exercicio 2021:

Conceptos	Importes
1.- DR capítulos I a VII estimados liquidación 2021 (recursos)	4.111.237,16
2.- OR capítulos I a VII estimados liquidación 2021 (empregos)	3.853.352,22
3.- Axustes SEC95 estimados liquidación 2021	-257.305,00
4.- Capacidade de financiación estimada liquidación 2020 (1-2+3)	579,94

En canto á regra do gasto 2021 o resultado é o seguinte:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Conceptos	Importes
1.- OR capítulos I a VII estimados liquidación 2021 (empregos)	3.853.352,22
2.- Intereses débeda estimados liquidación 2021	713,60
3.- Axustes SEC95 estimados liquidación 2021	230.000
4.- Gasto non financeiro financiado por AA.PP 2021	-702.626,24
5.- Total gasto computable estimado 2020 (1-2+3+4)	3.380.012,38
6.- Gasto computable exercicio 2020	3.281.565,42
7.- Taxa variación gasto computable (6 x 3%)	98.446,96
8.- Límite regra do gasto	3.380.012,38
9.- Diferencia entre límite regra gasto e gasto computable estimado 2021 (8-5)	0

Do todo o exposto, constátase que o **concello de Abegondo cumpriría os obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra do gasto para o exercicio 2021.**

Por último faremos unha breve referencia ao **principio de sostibilidade financeira**, que como xa se expón ao longo deste PEF, é definido no artigo 4 da LOEPSF como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Dos datos obtidos da estimación da liquidación dos exercicios 2020/2021, a porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes é a que se indica no cadro seguinte:

EXERCICIO	ING CORRENTES LIQUID	DÉBEDA VIVA	% ENDEBEDAMENTO	DÉBEDA VIVA PDE	% ENDEBEDAMENTO PDE
2020	4.345.523,53	647.072,68	14,89%	0	0%
2021	4.014.462,10	947.072,68	23,59%	300.000	7,47%

O endebedamento do concello de Abegondo no exercicio 2020 non deriva de operacións de crédito con entidades financeiras, senón de dúas operacións de préstamo con outra Administración Pública (Deputación Provincial de A Coruña) coas seguintes características:

- Obxecto: execución das obras solicitadas ao abeiro do PAI 2015, PAI 2016 e POD+19 da Deputación de A Coruña.
- Importe: 227.868,82 (PAI15) + 223.691 (PAI15) + 195.512,86 (POS+19) = 647.072,68 euros
- Sen intereses



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- 6 anos carencia
- Prazo de amortización: 10 anos (primeira anualidade en 2021)

Sen embargo a efectos da determinación do cumprimento do principio de sostibilidade financeira unicamente se terá en conta a débeda calculada conforme ao Protocolo do Déficit Excesivo (non se inclúe a débeda con outras AA.PP).

No exercicio 2021 está previsto acudir a unha operación de préstamo para financiar unha transferencia de capital a favor de Augas de Galicia como aportación municipal para a execución dunha obra de saneamento, mais o nivel de débeda calculada conforme ao Protocolo do Déficit Excesivo é inferior ao 110% dos ingresos correntes liquidados previstos no artigo 53 do TRLRFL, polo que o **concello de Abegondo cumpre co principio de sostibilidade financeira para os exercicios 2020/2021.**

7.- MEDIDAS DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2020-2021.

Debido ás causas que ocasionaron o incumprimento das regras fiscais: estabilidade orzamentaria e regra de gasto na liquidación do exercicio de 2019, e que foron obxecto de análise ó longo do presente PEF, non se precisa de medida correctora algunha, tendo este plan unha natureza explicativa pero non correctiva, xa que as causas do incumprimento non veñen dadas por unha situación de déficit estrutural, senón basicamente polo emprego do remanente de tesourería, ao que debemos engadir unha baixa execución orzamentaria no exercicio 2018 que penaliza o límite da regra do gasto para o exercicio 2019, así como unha reducida realización dos ingresos de capital no ano 2019.

A aprobación dos orzamentos dos exercicios 2020 e 2021 nunha situación de equilibrio orzamentario e tendo en conta o límite do gasto computable para os exercicios futuros e as previsións analizadas ao longo deste PEF, permitirá ao concello de Abegondo corrixir esta situación de desequilibrio sen necesidade de adoptar medida estrutural algunha.

En base a todo o exposto, o concello de Abegondo aprobará un PEF conforme á LOEPSF, sen necesidade de adoptar medidas de carácter estrutural nos dous anos de vixencia do plan, coa única limitación no uso do RLT como recurso financeiro, que deberá ser obxecto de seguimento para non desviarse da senda establecida neste PEF.

8.- CONCLUSIÓNS

O concello de Abegondo parte dunha situación económico-financiera saneada, con magnitudes orzamentarias positivas, polo que a xestión dos orzamentos actual e futuros, deberá ter en conta, sobre todo no momento de iniciar a tramitación de expedientes de modificación orzamentaria, que as obrigas que se recoñezan deberán ser compatibles cos límites de gasto non financeiro determinados mediante a aplicación da regra de gasto e asegurar o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Esta situación esixirá un control da execución orzamentaria durante o período de vixencia do PEF, comprobando que segue a liña das estimacións contempladas no plan e que conducirán ao cumprimento das regras fiscais, seguimento que se realizará a través da plataforma da Oficina Virtual de Entidades Locales.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Este control deberá ser especialmente exhaustivo nas modificacións orzamentarias que se financien con remanente de tesourería para gastos xerais.

A actual situación de crise provocada polo Covid19 supón unha dificultade engadida para realizar unhas correctas previsións neste entorno de incerteza. Por este motivo, e no caso de producirse algunha desviación con respecto ao contido deste PEF, adoptaranse as medidas complementarias que sexan necesarias para continuar coa senda establecida no PEF e garantir así o cumprimento dos obxectivos fixados na normativa de estabilidade orzamentaria."

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO XERAL 2020 E APROBACIÓN DEFINITIVA

Polo Sr. Alcalde dáse conta dunha proposición que di:

ASUNTO: RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS AO ORZAMENTO 2020. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO EXERCICIO 2020

EXPTE: 2020/G006/000107

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o pasado 28 de maio de 2020, acordou a aprobación inicial do orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello de Abegondo para o exercicio 2020.

SEGUNDO. O acordo de aprobación inicial publicouse no BOP número 80 do día 4 de xuño de 2020.

TERCEIRO. No período de exposición ao público presentouse no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo escrito de alegacións contra a citada aprobación inicial do Orzamento Municipal 2020 por parte da Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) representado por L.P.B con DNI *** (núm. Rexistro 202090000000534 de data 25 de xuño de 2020).

CUARTO. A interventora municipal emitiu con data 30 de xuño de 2020 un informe ao respecto das alegacións presentadas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que ese aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título VI da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos
- A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O artigo 169 do TRLRFL establece: *"aprobado inicialmente el presupuesto general, se expondrá al público, previo anuncio en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, por quince días, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar reclamaciones ante el Pleno. El*



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se hubiesen presentado reclamaciones; en caso contrario, el Pleno dispondrá de un plazo de un mes para resolverlas“.

Pola súa banda o artigo 170.1 do propio TRLRFL considera interesados a estes efectos:

- *“Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- *Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- *Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.”*

Finalmente, o artigo 170.2 do TRLRFL considera como causas taxadas de impugnación:

- *Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*
- *Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
- *Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*

Cómpre salientar que a aprobación inicial do orzamento é un acto de trámite no procedemento de aprobación dunha disposición de carácter xeral, e polo tanto non caben máis reclamacións que as previstas expresamente no artigo 170 do TRLRFL. No caso de que as reclamacións presentadas non versen sobre algunha das causas taxadas debe acordarse a inadmisión mediante acordo do Pleno, sen prexuízo do dereito á presentación do recurso contencioso-administrativo regulado no artigo 171 do propio TRLRFL.

SEGUNDA. A estimación das reclamacións require ter a condición de interesado, a presentación en prazo desta, fundamentación nalgúns dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRL e a acreditación dos mesmos. O escrito de referencia inclúe tres reclamacións, polo que procede a análise conxunta da condición de interesado e o cumprimento do prazo de presentación, analizándose con carácter específico cada unha das alegacións expostas.

- **Condición de interesado:** A reclamación de referencia é presentada pola Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) con CIF **, representado por Dna. LPB con DNI 50.703.814-S. O artigo 170.1 do TRLRFL outorga a condición de interesado, entre outros, aos colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas. Cabe deducir a condición de interesado do solicitante, tendo en conta que se trata da .Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) con CIF **.
- **Prazo de presentación:** Segundo consta nos antecedentes o anuncio de exposición pública foi publicado no BOP número 80 do día 4 de xuño de 2020, polo que o prazo para a presentación de reclamacións finaliza o 26 de xuño de 2020. Tendo en conta que a reclamación tivo entrada no rexistro municipal o día 25 de xuño, cabe concluir que foi presentada en prazo.

TERCEIRA. Cumprindo a reclamación de referencia o requisito de prazo e considerando a condición de interesado do solicitante, analízanse con carácter específico a fundamentación nalgúns dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRL e a acreditación destes.

- A reclamación contida no punto número 1 na que se fai constar unha táboa co cadro de persoal municipal dos últimos dez anos e outra ca oferta de emprego público, sen máis explicacións, NON se axusta a ningún



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

dos supostos contidos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que **procede a desestimación da reclamación 1 das presentadas por Dna. Lourdes Pedrezuela Bea con DNI 50.703.814-S, en representación da Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) por non axustarse aos motivos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.**

- As reclamacións contida nos puntos número 2 e 3 nas que se fai referencia á RPT do concello de Abegondo, número máximo do persoal eventual, funcionarización do persoal laboral fixo, inclusión de todos os postos de traballo desempeñados polo persoal laboral, sen entrar a analizar o fondo do asunto -o concello de Abegondo só conta cun posto de persoal eventual, todos os postos contidos na RPT están debidamente consignados no orzamento, etc-, sinalar que as reclamacións contra a aprobación provisional do orzamento están tasadas e deben reconducirse a algún dos supostos contidos no artigo 170.2 do TRLRFL, polo que **procede a desestimación das reclamacións 2, e 3 das presentadas por Dna. LPB con DNI ** en representación da Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) por non axustarse aos motivos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL.**

Logo de realizar a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.e), 22.2 i) e 112.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 169.1 do TRLRFL propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Desestimar as reclamacións presentadas pola Federación de Empregados Públicos da Unión Sindical Obreira (USO) con CIF **, representado por Dna. LPB con DNI **, e presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Abegondo (rex. entrada núm. 202090000000534), con base no informe emitido e fundamentadas nas previsións contidas no artigo 170 do TRLRFL.

SEGUNDO. A aprobación definitiva do orzamento xeral e o cadro de persoal do Concello de Abegondo para o exercicio 2020 segundo a documentación aprobada de xeito inicial en sesión do Pleno deste concello celebrada o día 28 de maio de 2020.

TERCEIRO. Publicar o anuncio de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan)
Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira, Fátima Insua López e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta por nove votos a favor e dúas abstencións.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4. DACIÓN DE CONTA DO ACORDO POLO QUE SE AUTORIZA A COLABORACIÓN TÉCNICO-FINANCIERA DA XUNTA DE GALICIA CO CONCELLO DE ABEGONDO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA SANEAMENTO EN ORTO E CRENDES FASE II SEPARATA 1 ZONA NORTE ABEGONDO POR IMPORTE DE 911.560,75 €

Dáse conta.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

5. DACIÓN DE CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA ACTUACIÓNS DE MELLORAS TURÍSTICAS: POSTA EN VALOR DO CASTRO DE CERNEDA COMO RECURSO PATRIMONIAL E TURÍSTICO

Dáse conta.

6. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DE FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA A COMPRA DE VEHÍCULO ELÉCTRICO CERO EMISIÓNS VINCULADO A TAREFAS AMBIENTAIS

Dáse conta.

7. DACIÓN DE CONTA DA EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA TRAMITACIÓN AMBIENTAL DO PXOM

Dáse conta.

8. DACIÓN DE CONTA DO RECOÑECEMENTO POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DA RUTA DOS AMILLADOIROS E POSTA EN VALOR

Dáse conta.

9. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN AO CONVENIO DA XUNTA DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA (SIXB) NA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ABEGONDO

Dáse conta.

10. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dáse conta e o voceiro de AxA, Roberto Gómez Lesta fai unha apreciación sobre a cuota da asociación de camiño inglés, que a ver se serve para algo.

11. ROGOS E PREGUNTAS

Roberto Gómez Lesta: a subestación de Folgoso, vimos unha noticia e quixeríamos saber se hai algunha comunicación no concello.

Alcalde-presidente: Non temos coñecemento formal, pero repasaremos os Boletíns.

Roberto Gómez Lesta: O desenrolo de San Marcos, ¿Cómo está?

Alcalde-presidente: Está pendente do planeamento. Pretendemos sacalo adiante.

Roberto Gómez Lesta: Onde Orto de Arriba ata a Igrexa hai carreiras de coches, que se fagan medidas para solventalo.

Alcalde-presidente: É unha pena facer lomos de burro agora, cómpre esperar un ano ata o saneamento. Entretanto, avisar á Garda Civil.

Non habendo rogos e non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por finalizado o acto ás catorce horas do día do encabezamento, levantándose a presente acta, do que como secretario accidental dou fe.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O alcalde-presidente
José Antonio Santiso Miramontes

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.